

COMUNICAR EN IGUALDADE

**Ferramentas e estratexias para traballar a
igualdade de xénero nas aulas**

Sesión 7

A LINGUAXE do SON

**As posibilidades da radio
como ferramenta educativa**

Shh...



VectorStock

VectorStock.com/33055403

INTRODUCCIÓN: A PERSPECTIVA DE XÉNERO NA RADIO

OS EQUIPOS PROFESIONAIS

Las cuatro voces que mandan en la radio española



COMPARTIDO 0



223 COMENTARIOS



Reportaje fotográfico de Thomas Canet.

→ Madrugan como panaderos para servirnos el desayuno con noticias. Son Alsina, Herrera, Losantos y Pepa Bueno: las voces más populares de la radio matutina.



INTRODUCCIÓN: A PERSPECTIVA DE XÉNERO NA RADIO



OS EQUIPOS PROFESIONAIS

- Hai igual número de locutores que de locutoras?

necesitamos máis voces femininas na radio e máis creadoras de contidos = **representación de xénero feminino nas narracións radiofónicas.**

- **Acceso das mulleres a posicións directivas e técnicas:**

Polo xeral, as mulleres ocupamos os espazos de produción. Os grandes condutores, expertos e opinadores son homes, así como son homes quen se encargan dos aspectos técnicos e da xestión da empresa.

INTRODUCCIÓN:

A PERSPECTIVA DE XÉNERO NA RADIO



OS CONTIDOS

- É preciso introducir **a igualdade de xénero como liña transversal**, máis aló do día 8 de marzo.

Convidemos a falar a mulleres e colectivos que traballan nisto, démoslles espazo para socializar o seu traballo e os seus intereses (**diversidade de fontes**: ciencia, economía, política...)
- Debemos **incluír temas que cuestionen a realidade e as desigualdades**: empobrecemento, violencia (simbólica, sexual, laboral), dereitos de saúde sexual e dereitos reprodutivos, acceso aos recursos, á tecnoloxía, etc.
- **Contrarrestar o paternalismo** que victimiza: é común escoitar frases como “hai que respectar á muller porque podería ser a túa nai, irmá, ou a nai dos teus fillos”. Son manifestacións machistas que valoran a vida das mulleres en función da súa relación cos homes ou do seu rol dependente.

INTRODUCCIÓN: A PERSPECTIVA DE XÉNERO NA RADIO



A LINGUAXE

- Fomentar a utilización da linguaxe non sexista (sesión 2 – termos neutros, citar ambos xéneros, etc...)

A MÚSICA

- A música é unha das linguaxes básicas da radio.
- As súas mensaxes transmiten emocións, valores, imaxinarios culturais...

SÉCULO XXI:

a nova idade dourada da NARRATIVA RADIOFÓNICA

- ✓ Dispositivos móbiles pequenos e lixeiros.
- ✓ Conectividade a Internet (redes WiFi)
- ✓ Gadgets para consumo individual de medios.
- ✓ Non require atención completa: pódese compatibilizar con outras tarefas.



PODCAST: arquivos de audio que se poden descargar ou escoitar en streaming.

Non requiren espazo ni moitos recursos: lixeiros e rápidos para compartir.

SÉCULO XXI: a nova idade dourada da NARRATIVA RADIOFÓNICA



Ficciones infantiles diversas



Ideas de profesoras para
educar en feminismo



La medicina que no
amaba a las mujeres



Las brujas de
Zugarramundi

1. A RADIO ESCOLAR

“As radios educativas ou escolares son todas aquelas que procuran a transmisión de valores, a promoción humana, o desenvolvemento integral dos seres humanos e da comunidade; as que se propoñen elevar o nivel de conciencia, estimular a reflexión e converter a cada persoa en axente activo de transformación do seu medio natural, económico e social”.

Mario Kaplún *Comunicador e educador, "A la Educación por la comunicación. La práctica de la comunicación educativa", 1992*



Radio e escola, boas amigas



O universo da radio é compatible co traballo nas aulas.

- É un medio accesible, barato e sinxelo de usar: ordenador, micro, conexión a internet e listo!
- Non é unha narrativa obsoleta: Internet deu unha nova vida aos contidos sonoros grazas aos **podcast**:



Por que facer radio escolar?



Radio Laretas (CEIP Pluringüe Ricardo Tobío, Muros)

Radio na Biblio, 17-18

Que habilidades traballáronse
nesta actividade?

Por que facer radio escolar?

- É un espazo de **socialización** e aprendizaxe entre iguais.
- Fomenta a **creatividade** e a **expresividade**.
- Permite traballar habilidades como a busca de información para a construción de coñecemento.
- Facilita o desenvolvemento de competencias de **expresión escrita** (redacción, capacidade de resumo, organización das ideas...)
- Facilita o desenvolvemento de competencias de **expresión oral** (pronunciación, expresividade, entonación, dicción, ritmo...)

Por que facer radio escolar?

- ✓ Desenvolvemento de habilidades de **traballo en equipo**: guionistas, locutoras, técnicas de son... (o alumnado pode rotar ou asignar a cada persoa o rol que mellor lle cadre)
- ✓ **Competencias tecnolóxicas**: edición de son, gravación, micros....
- ✓ **Da aula á comunidade**: permite que se sumen todos os sectores da comunidade escolar (o centro, o alumnado, as familias...)
- ✓ O alumnado pasa da recepción pasiva á produción de contidos:
COMPETENCIA MEDIÁTICA

PARA QUE se pode usar a radio escolar?

(por áreas e/ou materias)

- **Ed. Infantil:** léxico, coñecemento da voz, entonación, pronunciación, escoita, etc.
- **Lingua e Literatura:** comprensión de textos, expresión escrita, expresión oral...
- **Linguas estranxeiras:** ademais dos aspectos anteriores, actividades específicas de escoita e comprensión oral.
- **Coñecemento do medio natural e social:** documentais, reportaxes sobre o medio ambiente, investigacións de fauna e flora, biografías de persoas relevantes, funcionamento das institucións da contorna, etc.
- **Educación artística e musical:** música, dramatizacións, recursos narrativos...

PARA QUE se pode usar a radio escolar?

- **Reforzo dos contidos** curriculares: idiomas, Historia, Literatura, Lingua...
- **Educación en Valores:** feminismo, equidade, identidade sexual, desigualdade, resolución de conflitos, identidade cultural, educación cidadá, dereitos humanos, democracia participativa, memoria histórica...
- Ferramenta de **comunicación interna do centro** educativo: o menú do comedor, actividades, festividade, reportaxes sobre excursións, entrevistas a profesorado e alumnado, convocatorias...
- Novas da **comunidade:** o concello, as ong's, as asociacións, as bibliotecas, as festas, os deportes...

Como podémola integrar
no traballo na aula?

PARA QUE se pode usar a radio escolar?



Que esto da folga polo clima?, CEIP Lopez Ferreiro de
Santiago de Compostela

5.XÉNEROS RADIOFÓNICOS

- Dramático
- Publicitario
- Musical
- Xornalístico



DRAMÁTICO

Ficción: radio-teatro, radionovela, contos, lendas, tradicións, reconstrución de feitos reais...

- Elixir textos ou contos cun **fío narrativo sinxelo** e non moi longo.
- Que teña **accións**, que non sexa moi intimista.
- Duración recomendada: 5- 15 min.
- Usa as **cortinas musicais** para separar escenas.
- **Describe os sentimentos con música** (música emocional, de medo, de suspense...)
- **Describe o ambiente e as accións con efectos**: moitas descricións da paisaxe ou do que ocorre na historia poden substituírse cos efectos de son correspondentes (tronos para tormentas, ruído de coches, etc...) Os efectos danlle cor á narración.
- **Traducir a narración dos feitos a diálogos** para utilizar varias voces.

PUBLICITARIO

- Os anuncios de radio (**cuñas**) serven para vender un produto, un servizo ou para promover determinadas condutas, valores ou ideas.
- Esixen moita creatividade.
- Duración: 45 segundos aprox.
- Os anuncios soen rematar cunha chamada a acción: slogan

XORNALÍSTICO

Traballa coa realidade e coa actualidade (presente ou futuro relevante – anuncio sobre algo que nos afecta, por exemplo)

INFORMATIVOS (novas)

- Da a coñecer os datos básicos dun feito (5W – 2 ou 3 párrafos)
- Componse de titular (soe ser lido por outra voz) + corpo da noticia (lido pola locutora ou locutor principal)

REPORTAXES

- Unha reportaxe trata un só tema en profundidade.
- Pode incluír entrevistas, enquisas, estatísticas, comentarios, sons reais gravados en terreo, reconstrucións dos feitos, estrofas musicais...
- Require investigación previa.

ENTREVISTAS

- O protagonista é a persoa entrevistada.
- Preguntas abertas que fomenten respostas amplas. Evitar as preguntas “pechadas”:
 - Ten auga no barrio?
 - Non.
 - E xa solicitaron a auga?
 - Si.
 - E non lles responderon aínda?
 - Non.
 - Pero, vostedes necesitan a auga?
 - Si.
 - Algo máis que engadir na entrevista?
 - Non.
- Require investigación para coñecer ben a persoa a entrevistar.
- Preparar o cuestionario previamente, non improvisar!

- Preparar á persoa entrevistada para que estea tranquila e saiba de que imos falar.
- Non falar máis que a persoa entrevistada, nin deixar que o outro fale ata que se canse.
- Onde e con quen? A entrevista comezará situando o lugar onde se realiza e identificando á persoa a quen imos entrevistar.
- escoitar a persoa que estamos entrevistando. As veces estamos máis pendentes do cuestionario que de saber que dixo.
- Tamén hai que aprender a finalizar a entrevista. Antes da súa última pregunta: *e xa para terminar? finalmente? para rematar cóntanos...*
- En canto á despedida, que sexa tan amable como breve: *moitas grazas!*
- As entrevistas deben ter unha duración máxima de 20 minutos en estudo ou 15 minutos por teléfono ou gravadas.

3. ESCRIBIR PARA A RADIO

- Na linguaxe radiofónica, priorizamos as expresións correctas pero **coloquiais**: é comunicación oral.
- Utilizaremos **frases simples** (SUXEITO- VERBO- PREDICADO), evitando subordinadas e frases complexas
Frases curtas: 20 palabras máximo entre punto e punto.
- Utilizar palabras concretas, materiais, que permitan crear **imaxes auditivas**:

A esta comunidade lle faltan os servizos básicos || A esta comunidade lle falta auga, luz e camiños

Ese neno fai de todo na casa || Ese neno lava, cociña, atende ós irmáns ||

Esa neno lava unha torre de pratos, prancha as camisas brancas para os seus irmáns...

- **Uso significativo da redundancia:** na radio, non se pode volver cara atrás se non se escoitou ben algunha idea. É importante repetir as ideas clave, pero con palabras diferentes.
- As **cifras e porcentaxes** deben redondearse.
*Por ex, se son 478,600 toneladas de arroz, falamos de medio millón.
Se é o 21.3% da poboación: máis do 20% (unha de cada cinco persoas)*
- Traducide as **siglas**.
Por exemplo, Organización Mundial da Saúde no lugar de OMS...
- Facede **preguntas** para quen escoita: as interrogativas interpelan, enganchan.

María está metida nun tremendo lio. Mañá ten que entregar un traballo pero tamén dixo que axudaría á súa compañeira co examen de Mates. Que debe facer primeiro? Que é máis importante? A súa promesa ou a responsabilidade? Ti que farías?

O GUION RADIOFÓNICO

PROGRAMA: A VOZ DO COLEXIO DIA/HORA: MARTES 23 DE XANEIRO DURACIÓN: 15 MIN			
LOC.	CONTROL	TEXTO	MIN
QUEN FALA?	QUE SUCEDE?	QUE DI?	CANTO DURA?
	SINTONIA		0:30
Maria	PRESENTACION	Bos días amigos e amigas e benvidos a o noso programa de radio A Voz do Colexio! Onde todo, todo, todo, pode suceder!!!!	0:15
	MUSICA (MUÑEIRA DE CHANTADA)		0:20
Lucía	INTRODUCCIÓN	Bo día!!!! Hoxe temos un interesante programa onde vos imos contar un montón de cousas que aconteceron na última semana no noso centro...Pero por que está soando a Muñeira de Chantada? pois porque os de 2º da ESO estiveron o xoves pasado en Chantada!! Para contarnos que tal foi a excursión acompañanos hoxe Manuel...Bos días Manuel, que tál o pasachedes en Chantada?	0:30
Manuel	INFORMACIÓN	Bos días Lucía e bos días a toda a nosa querida audiencia...pois pasámolo moi ben e aprendimos moito...por exemplo que Chantada é un pobo de Lugo... eles din que está xusto no corazón de Galicia. Alí fumos a coñecer a Ribeira Sacra, unha zona super bonita chea de viñas onde xa cultivaban o viño os romanos...fai mais de 2000 anos!!! increíble non??	2:00
Lucía	INFORMACIÓN	Qué chulo non? e oes? Unha dúbida? Preguntastes por que os de Chantada teñen unha muiñeira propia? Como hai que facer? Eu tamén quero que aquí teñamos unha!!!	0:10
Manuel	INFORMACIÓN	Pois si que llo preguntamos, porque estivemos tamén na escola de música Travalleira, e alí nos contaron a historia da muñeira de Chantada, imos a escoitar a entrevista que lle fixo Laura Rivas a Xulian Lopez, o profe de gaita da escola.	0:10

PRÁCTICA: en parellas ou grupos de 3



GRAVACIÓN dunha CUÑA

Preparade e presentade unha cuña radiofónica animando a:

- a) Facer un reparto equitativo do patio entre nenos e nenas.
- b) Buscar e dinamizar xogos que fomenten a igualdade.
- c) Colaborar na elaboración dun catálogo de contos feministas.

GRAVACIÓN dun RELATO

Prepara e presentade unha breve narración dramatizada na que lle deades a volta a un conto clásico para deconstruír estereotipos.

GRAVACIÓN dunha CARETA

Preparade e presentade a introdución dun novo programa ou dunha nova radio escolar con perspectiva de xénero no voso centro.

4. A LINGUAXE do SON: os RECURSOS NARRATIVOS RADIOFÓNICOS



4.1. A voz: LOCUCIÓN



- A voz é **a columna vertebral da narrativa radiofónica**: non podemos contar con xestos, expresións faciais, gráficos, imaxes...
- Na radio escolar, non existen voces boas de locutor ou locutora: **todas as voces son benvidas**.

4.1. A voz: LOCUCIÓN

Algúns consellos para unha boa locución

- ★ Levar o traballo feito: **evitar a improvisación**.
- ★ Sentarse erguidas e dirixidas ao micro.
- ★ **Falar a modinho**: a escoita require un ritmo diferente se non vemos a quen fala
- ★ Gardar unha **distancia** dun palmo entre nós e o micro.
- ★ **Confianza** e tranquilidade: se nos equivocamos, repetimos.
- ★ Relaxarse: **respirar profundamente** varias veces
- ★ Actitude positiva: cabeza alta e “sorriso telefónico”
- ★ Non comer, beber, mascar chicle...



4.1. A voz: LOCUCIÓN

Algúns trucos...

Guerra ás muletillas:

"Eh...bueno...mmmm...vale?" Descubre as túas e elimínalas!

PRÁCTICA: *gravádevos co móvil improvisando algo durante 3 min...*

Tamén podedes preguntar ao voso alumnado ;-)

Personalizar o receptor/a: imaxinar que falamos para algunha persoa en concreto
(podedes poñerlle un nome como exemplo)

Pronunciación clara das palabras, vocalización:

PRÁCTICA: *aeiou, trabalinguas... Exercicios de dicción.*

Tono: un conto non se lee igual ca unha noticia.

PRÁCTICA: *ler un texto sinxelo con diferentes entonacións (conto, noticias, etc...)*

Ler sen que se note:

PRÁCTICA: *ler os textos que imos a locutar polo menos 3 veces:*



1. Lectura **comprensiva** (para entender o contido)
2. Lectura **punteada** (para parar nas comas e nos puntos e non chegar o final sen aire)
3. Lectura de **reforzo** (onde sinalamos aquelas palabras que nos custa pronunciar e as repetimos en alto ata que salgan ben)

4.2 Os EFECTOS de SON

Os efectos de son podémolos definir, como aqueles sons, naturais ou artificiais, que substitúen a realidade.



4.2 Os EFECTOS de SON

Como se usan?

Onde?

Normalmente, o efecto antecede á acción: por exemplo, primeiro soa a copa que rompe e despois a locutora di “a copa rompeuse”.

Se se trata dun efecto que acompaña á acción, este soará en segundo ou terceiro plano.

Cando?

Sempre que a acción o require. O son é un elemento máis do guión, é parte da narrativa. Cando teñamos que situar aos personaxes, crear un ambiente ou suxerir un escenario.

Cantos?

Non hai que abusar: non é preciso acompañar con sons todas as accións dun guion. Elixiremos os máis significativos ou descritivos.

4.2 Os EFECTOS de SON

TRUCOS PARA GRAVALOS

- Lume: con papel de celofán.
 - Cascos de cabalos: con dous recipientes de yogurt baleiros.
 - Tronos: movendo rapidamente unha radiografía ou unha lámina de metal.
 - Choiva: cun puñado de arroz e unha fonte de metal
-

DESCARGALOS DE INTERNET

- <https://radioslibres.net/efectos-de-sonido/#more-137>
- <http://recursostic.educacion.es/bancoimagenes/web/>
- <https://www.youtube.com/audiolibrary/soundeffects?ar=2>

4.2 Os EFECTOS de SON

Como o indicamos no guion?

EFECTO DISPARO DE REVOLVER

MÚSICA DRAMÁTICA

LOCUTORA: E naquel intre...unha bala segoulle a vida.



4.3 O SILENCIO



O silencio tamén forma parte da linguaxe radiofónica.

É capaz de expresar, narrar, describir...

O recurso narrativo máis importante é a PAUSA DRAMÁTICA.

2. CONSELLOS PARA GRAVAR SON



- Evitade as salas grandes e/ou con eco.
- Buscade mellor interiores, pero se temos que gravar fóra, coidado co vento!
- Evitar as fontes de ruído nos lugares onde gravamos (murmillos, obras da rúa...)
- Un ambiente de silencio é básico para gravar por iso...

O que ten o micro fala e o resto espera o seu turno en silencio.

**Dispositivos
para gravar son**



4.4 A MÚSICA



- a) Pode ser un contido en si mesma.
- b) Pode ser un recurso narrativo, como os efectos, que acompañan ao contido principal.
- c) Pode ser a ferramenta que define a estrutura dun programa

4.4 A MÚSICA

b) A música como ferramenta que define a estrutura dun programa

Nesta función, moi habitual nos informativos, a música preséntase en tramos de curta duración:

(Fonte: <http://recursos.cnice.mec.es/media/radio/bloque2/pag6b.htm>)

- **Sinfonía:** trátase dun fragmento musical, de entre 15 e 30 segundos de duración, que aparece sempre ao comezo e ao final dun programa radiofónico.
FUNCIÓN :identificar o programa.
- **Careta:** cando hai unha locución sobre a sintonía ("características do espazo que imos escoitar, o seu nome, o do equipo, o seu horario, etc...)
- **Cortina:** fragmento musical duns 10-15 segundos de duración que se utiliza para separar diferentes seccións dentro do mesmo programa (por exemplo, nun conto para pasar dunha escena a outra).

4.4 A MÚSICA

A música como ferramenta que define a estrutura dun programa

- **Ráfaga:** para separar contidos ou bloques temáticos dentro un mesmo programa. A súa menor duración (uns 5 segundos), marca unha transición máis curta e dinámica, polo que adoita utilizarse nos informativos radiofónicos.
A ráfaga úsase, por exemplo, para separar as noticias nacionais das internacionais, ou a economía do deporte.
- **Cuña:** breve muntaxe con locución, música, efectos... de carácter promocional (publicidade, patrocinios, avance doutros contidos...) Por exemplo, [Cuña don Federico](#)
- **Golpe musical:** fragmento extremadamente curto (entre 2 e 3 segundos) que se utiliza para chamar a atención nun momento determinado.

+ INFO: <http://manualdeestilo.rtve.es/anexos/7-5-glosario-de-terminos-utilizados-en-el-lenguaje-radiofonico/>

4.4 A MÚSICA

- a) Como contido en si mesma.
- b) Como un recurso narrativo, igual que os efectos, que acompañan ao contido principal.

As súas mensaxes transmiten emocións, valores, imaxinarios culturais...



Ex: as axencias de viaxes anuncian ofertas a Brasil cunha Samba, os restaurantes galegos de Madrid utilizan unha Muñeira como reclamo...

Recopilación de cancións sexistas: https://youtu.be/nS_WORd03XY
<https://www.codigonuevo.com/feminismo/oscuras-machistas-canciones-infancia>

2.3 A MÚSICA

Grupos e cantantes con perspectiva de xénero

Rebeca Lane, Miss Bolivia, Ana Tixou, La otra, Mafalda, Bomba Stéreo, Tremenda Jauria, Lila Downs, Las Odio, Viruta FTM, Tongo, Rozalén, Sés, De Vacas, Ira, Gata Cattana...



6. O PROGRAMA DE EDICIÓN: AUDACITY



- SOFTWARE LIBRE E GRATUITO PARA A EDICIÓN E MEZCLA DE AUDIO
- MOI USADO NO ENTORNO ESCOLAR POLA SUA FACILIDADE E APLICACIÓNS
- TUTORIAL AUDACITY RECOMENDADO POLA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

http

://www.edu.xunta.gal/centros/ceipnumero2tui/system/files/Audacity.pdf

5. ENLACES INTERESANTES

A radio na biblio:

- PROGRAMA DA XUNTA RADIO NA BIBLIO
- PODCAST DOS CENTROS INTEGRANTES NO PROGRAMA RADIO NA BIBLIO

Rede de Escolas pola Radio

- REDE ESPORA

Recursos Ministerio de Educación

- RADIO ESCOLAR

Escolas nas ondas:

- <http://escolasnasondas.com/directorio-de-radios-e-tv-nas-escolas/>